

Desde a **Concellaría de Cultura e Igualdade** apostamos por establecer un programa marco destinado a promover a tolerancia e o respecto á diversidade sexual baixo o nome **SARRIA, DE TODAS AS CORES.**

Queremos que non sexan só as cidades as que se identifiquen como espazos de liberdade senón que tamén as vilas e o medio rural deben ser lugares onde desenvolverse integramente como persoas, independentemente da opción sexual.

Anímovos a participar, ao conxunto da cidadanía, en todas as actividades culturais e festivas deste **Orgullo 2017** que este ano pon o foco no **cinema LGTBI.**

Mónica López
Concelleira de Cultura e Igualdade

Sábado, 1 de xullo | 20:00h | Casa da Cultura

Inauguración da exposición **Sorrisos Transformadores** + presentación do libro **22 segundos**, acompañado do concerto de **Canela Cafuné.**


Sorrisos Transformadores é unha iniciativa da Deputación de Pontevedra, en colaboración coa Asociación de Familias de Menores Trans de Galicia (ARELAS), con fotografías de Noemí Chantada.

Baixo o lema *Respecta-defende-sensibiliza-igualdade-vive-e-deixa-vivir*, o proxecto busca a visibilización, sensibilización e naturalización do colectivo Trans para promover a igualdade de oportunidades, o respecto á diversidade e o dereito a ser diferentes.

De forma paralela á mostra, Eva Mejuto, autora de **22 segundos**, publicada por Xerais, presentará a que é a primeira obra de narrativa xuvenil galega que trata a transexualidade na infancia e a mocidade.

Este acto contará coa música do grupo **Canela Cafuné.**

PROGRAMA ORGULLO LGTBI 2017



Xoves, 1 de xuño

09:30h IES Xograr Afonso Gómez

12:35h IES Gregorio Fernández

Transformando o mundo. Un achegamento á realidade Trans a través do libro **22 segundos** e a música de **Canela Cafuné**.

Tristes novas coma o do autobús de Hazteoir.org veñen de sacar á luz unha realidade que leva moito tempo silenciada: a dos menores transexuais.

TRANSFORMANDO O MUNDO é una actividade dinamizada por Eva Mejuto, autora de **22 segundos**, (Xerais 2017) a primeira obra de narrativa xuvenil galega que trata a transexualidade na infancia e na mocidade. Xunto a ela estará Éric Dopazo, membro de Arelas, Asociación de Familias de Menores Trans, e Marta Bravo, que conforman o grupo **Canela Cafuné** e porán música a diversas pasaxes do libro. Alén da novela, achegarase ao alumnado a actual situación legal, social e médica deste colectivo.

Duración da actividade: 1,5 horas

* Cada centro recibirá un exemplar da obra, para a biblioteca

Venres, 30 de xuño | 22:00h | Sociedade *La Unión*

CONCERTO

Orquestra OS MODERNOS

A claridade das lámpadas de cores, o cheiro a pólvora, o arrecendo das friameiras, até a xeometría dos cadros dos mantéis se levantan e brindan pola oportunidade dada ao “frote” e ao “arrechuche” contagiada polos ritmos máis modernos da Orquestra “Os Modernos”. Como consecuencia da súa constante ansia por se renovar e a experiencia a través de tantas xiras por Europa e América do Sur e do Norte, a Orquestra Os Modernos, ofrécelles un repertorio renovado de bailes como manda a última moda: fox trot, baião, chotis, habanera ou tango americano, corrido, rumba, mazurca e mesmo un avant-garde twist, sen esquecer tampouco eses ritmos máis arcaicos e propios do noso folclore como a muiñeira ou a xota.



Luns, 26 de xuño | 20:00h | Casa da Cultura

CINEMA DIVERSO

Un percorrido pola temática LGTBI na sétima arte

Conferencia e proxeccións

Interveñen:

Lázaro Louzao. Director de *Nove de novembro*, primeira película de temática gay en galego que conta a historia de Miguel e Roberto e os últimos días da súa relación de parella a primeiros de novembro de 1989.

Sandra Guedev. Productora e directora de produción de *No soy él*, curtametraxe que tenta plasmar as emocións dunha menor transxénero nun día normal, sobre todo ao ter que enfrontarse ao ámbito escolar.

Martes, 27 de xuño | 22:00h | Praza da Vila

CINEMA AO AIRE LIBRE

LA CHICA DANESA

Ano: 2015

Duración: 120 min.

País: Reino Unido

Director: Tom Hooper

Guión: Lucinda Coxon (Novela: David Ebershoff)

Reparto: Eddie Redmayne, Alicia Vikander, Matthias Schoenaerts, Amber Heard, Ben Whishaw, Sebastian Koch, Victoria Emslie, Adrian Schiller

Baseada na novela do mesmo título de David Ebershoff, LA CHICA DANESA é unha asombrosa historia de amor inspirada nos artistas Einar e Gerda Wegener, aos que lle dan vida Eddie Redmayne e Alicia Vikander, e está dirixida polo oscarizado Tom Hooper. O matrimonio e a obra de Lili e Gerda evoluciona a medida que ambas se adentran no percorrido de Lili como a primeira transexual.

* En caso de choiva trasladarase á Casa da Cultura.

Mércores, 28 de xuño | 22:00h | Praza da Vila

CINEMA AO AIRE LIBRE

UN AMOR DE VERANO

Ano: 2015

Duración: 105 min.

País: Francia

Director: Catherine Corsini

Guión: Catherine Corsini, Laurette Polmans

Reparto: Cécile de France, Izïa Higelin, Noémie Lvovsky, Kévin Azaïs, Laetitia Dosch, Benjamin Bellecour, Eloïse Genet, Patrice Tépasse

En París, en 1971. Delphine coñece a Carole. A primeira, filla de labregos, múdase á capital para acadar a independencia económica e ser dona da súa propia vida. A segunda ten mozo e vive felizmente os comezos do movemento feminista. A Delphine, misteriosa e reservada, gústanlle as mulleres. Carole nin pensa nesa posibilidade. Do seu encontro xorde unha historia de amor que desequilibrará as súas vidas ao tropezar coa realidade.

* En caso de choiva trasladarase á Casa da Cultura.

Xoves, 29 de xuño | 22:00h | Praza da Vila

CINEMA AO AIRE LIBRE

PRIDE (Orgullo)

Ano: 2014

Duración: 120 min.

País: Reino Unido

Director: Matthew Warchus

Guión: Stephen Beresford

Reparto: Ben Schnetzer, Monica Dolan, George MacKay, Bill Nihy Andrew Scott, Imelda Staunton, Dominic West, Paddy Considine, Joseph Gilgun

No verán de 1984, sendo a primeira ministra Margaret Thatcher, o Sindicato Nacional de Mineiros convoca unha folga. Durante a manifestación do Orgullo LGTBI en Londres, un grupo de lesbianas e gays dedícase a recadar fondos para axudar ás familias dos traballadores, pero o sindicato non acepta o diñeiro. O grupo decide, entón, pórse en contacto directo cos mineiros e van a unha vila de Gales. Empeza así a curiosa historia de dúas comunidades diferentes que se unen por unha causa común.

* En caso de choiva trasladarase á Casa da Cultura.